



**SAN XOÁN 2013**  
[corunaespiritodefuego.com](http://corunaespiritodefuego.com)

1 DE XUÑO / 30 DE XUÑO

 Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

# SANJUANEROS

“BENVIDOS  
À NOITE  
MÁIS MARABILLOSA  
DO MUNDO.”

**SAN XOÁN PEQUENIÑO** 24  
xuño

**SAN XOÁN SOSTIBLE** 7  
páx.



**NOITE  
DA QUEIMA  
NA CIDADE MEIGA**



# CONCERTOS

1 xuño 2013 / 30 xuño 2013



15 de xuño  
Coliséum  
22:30 h

## Alejandro Sanz

“O artista sorprende cun espectáculo que non escatima en medios tecnolóxicos. Unha xira que está a arrasar alí por onde pasa, o 15 de xuño detense na Coruña para o deleite dos seus fans.”

Alejandro Sanz volve á cidade coa súa xira “La música no se toca”, título do seu último e aclamado traballo, que non puido empezar con mellor pé. O seu primeiro sinxelo, “No me compares”, alcanzou o número 1 nas listas de iTunes de 18 países e en radios nacionais e internacionais, antes mesmo do lanzamento do álbum en setembro do ano pasado. O mesmo aconteceu co segundo e o terceiro sinxelo, “Se vende” e “Mi marciala”, que lideraron o ránking en varios países.

A boa acollida de “La música no se toca” tamén se reflectiu nas cifras de vendas (quintuplo Disco de platino en España e o máis vendido por un artista de lingua hispana en 2012) e nos multitudinarios concertos da súa xira, con entradas esgotadas desde o seu comezo en México.

O día 15 de xuño, espera repetir o mesmo éxito no Coliséum da Coruña, onde o veremos subido a un escenario tridimensional que interactúa coa música e o público, nun espectáculo sorprendente.

## Bipolar Fest

“Bipolar é un festival que combina pop, rap, rock e música de autor. Un proxecto insólito de fusión musical liderado por Jacobo Paz & Dos Mundos.”

Case unha corentena de músicos coruñeses, o cantautor ferrolano Al Vila, os gaditanos 11007, o xienense afinado na Coruña Durgin ou os orteganos KNS e O Neno da Rúa únense para ofrecer un festival único no parque de Santa Margarita.

Bipolar é mestura de estilos e tamén un concepto asociado ao contido das letras das súas cancións. Os músicos que lle dan vida a Bipolar Fest superan as dificultades e constrúen un futuro de esperanza grazas aos temas que interpretan. Unha proposta moi diferente que non podes perder.

BIPOLAR son: JACOBO PAZ & DOS MUNDOS / SEISSENSEIS / CESAR DECENTI / AMBITO KINITOH / YUL / FORNI / ARTE EN TINTA / AL VILA / 11007 / KABO NORTE SQUAD / O NENO DA RÚA / JESSI / DURGIN / DEJOTA TRAPE / PABLO AÑÓN / REVOLUJOIN / 3 ASES.



21 e 22 de xuño  
Parque de Santa Margarita  
20:00 h



21 de xuño  
Praza de María Pita  
22:00 h

## Hombres G

“A banda demostrará en María Pita que non perdeu nin un ápice do espírito pop rebelde que marcou a moitos adolescentes dos oitenta e ás xeracións posteriores.”

O que non bailase ou, polo menos, cantaruxase unha canción de Hombres G algunha vez que tire a primeira pedra. “Devuélveme a mi chica”, “Marta tiene un marcapasos” ou “Suéltate el pelo” son algúns dos clásicos que poderemos escoitar e cantar a coro no concerto do día 21 na Coruña.

Desde o primeiro sinxelo de Hombres G, “Milagro en el Congo / Venezia”, xa pasaron trinta anos, pero o eco daquel auténtico fenómeno social séguese escoitando. A David Summers, Rafael Gutiérrez,

Daniel Mezquita e Javier Molina, o éxito chegoulles sen avisar. Enchían recintos, colapsaban rúas e toleaban os seus fans.

Dun pop-rock naíf e canalla, evolucionaron cara a terreos máis persoais e editaron un total de doce discos ata hoxe. O último traballo do grupo, “En la playa”, recolle duetos dos seus temas máis emblemáticos, coa colaboración de Dani Martín, Miguel Bosé ou Ana Torroja, entre outros artistas.



# A NOITE DE SAN XOÁN

23-24 xuño 2013



## QUEIMA DA FALLA

Por suposto, a Falla nunca falla. Co humor que sempre caracterizou esta escultura condenada ao lume, o debuxante Santy Gutiérrez móstranos un Dépor que roza o perigo, os voceiros do goberno local subidos a un tren ou o noso alcalde, Carlos Negreira, asomado ao balcón do Concello.

Os impresionantes foguetes artificiais empezan a darlle a benvinda ao solsticio do verán uns minutos antes da queima da Falla. E, finalmente, ás 00:00 h en punto, as Meigas prenden a Cacharela Grande e comeza oficialmente o San Xoán. Arde a festa!

### Praia de Riazor 00:00 h



“A Falla, deseñada por Santy Gutiérrez, poderase ver na praia de Riazor desde o 20 de xuño.”



“Horas de verbena para animar a noite máis maravilhosa do mundo.”



“O peixe e a cola de navío da carroza da Meiga Maior recordan a obra do pintor Urbano Lugrís.”

## VERBENA DO SAN XOÁN

O espírito de lume vaino inundar todo na noite de San Xoán. Para ir caldeando o ambiente, a verbena comeza ás 21:30 da man de Cinema Orquesta e, máis tarde, tamén coa Orquestra Panorama. As dúas estarán actuando ata altas horas da madrugada.

### Cinema Orquesta

21:30 – 23:00 h / 2:00 – 3:30 h

### Orquestra Panorama

00:00 – 2:00 h / 3:30 – 4:45 h

## DESFILE DE CARROZAS

As carrozas de San Xoán percorreren o paseo Marítimo, unha delas portando a madeira universal, un desfile animado por Manicómicos. Este ano, o deseño corre a cargo do director de arte Suso Montero, responsable dos decorados de “O Lapis do carpinteiro” ou da entrañable serie “Mareas vivas”. Así, a carroza da Meiga Maior representa o mar e o lume, mentres que a carroza da Meiga Maior infantil ten que ver coa queima do vello e o rexurdir do novo.

“As Meigas viaxan en carrozas levando a madeira universal que vai arder na Falla de Riazor. O esperado momento da queima da Cacharela Grande inaugura o San Xoán.”



# Recomendacións ambientais e sanitarias.

“Esa noite, máis que nunca, debemos ser máis cívicos e non esquecer a necesidade de respectar e non impedir o normal funcionamento dos servizos públicos, de non organizar actos que non estean expresamente autorizados, de manter unhas óptimas condicións de limpeza e hixiene e recordar que o espazo público debe ser desfrutado ao día seguinte por todos en perfectas condicións de uso.”

## RECOMENDACIÓNS XERAIS AMBIENTAIS E SANITARIAS

• A realización de sardiñadas e lumeiradas en vías ou espazos públicos deberá ser expresamente autorizada.

• **As lumeiradas acenderanse, preferentemente, a partir das 23:00 h do día do 23 de xuño e deberán quedar perfectamente apagadas antes das 6:00 h do día seguinte.**

• Recórdaselles a prohibición de venda de bebidas alcohólicas entre as 22:00 e as 8:00 h a todo tipo de establecementos comerciais, máquinas expendedoras, venda ambulante ou calquera outra forma de expedición. Así mesmo, calquera outro tipo de venda ambulante necesita unha autorización expresa.

• Mover ou trasladar colectores de residuos urbanos do seu emprazamento poderá ser sancionado con multas de ata 3.000 euros.

• Está prohibida a queima de plásticos, gomaescumas, rodas, aerosoles e, en xeral, calquera produto inflamable ou explosivo ou de materiais en cuxa composición interveña o plástico, dados os gases tóxicos que produce a súa queima.

• Recoméndase a utilización de envases de plástico en lugar dos de vidro. Estes últimos estarán totalmente prohibidos nos areais.

• Os organizadores de lumeiradas autorizadas que impliquen a celebración de “sardiñadas” deberán deixar a zona libre de restos. Para iso, colocarán recipientes na zona e depositarán os residuos orgánicos no colector verde e os envases e plásticos no colector amarelo.

## EN ESPECIAL: LUMEIRADAS NOS AREAIS/PRAIAS DA CIDADE

• Está prohibido baixar aos areais tresillos, sofás e, en xeral, calquera tipo de mobiliario que xere gases tóxicos na súa combustión. Pola mesma razón, tampouco pneumáticos ou calquera outro elemento catalogado como tóxico ou perigoso. Uns grandes carteis á entrada das praias recordarán esta prohibición, así como os vixilantes situados desde a mañá do día 23.

• A madeira que se utilice para a realización de pequenas lumeiradas nas praias debe estar **desprovista de puntas, cravos** ou calquera outro elemento similar. A presenza destes elementos e a súa facilidade para introducirse na area pódennles provocar importantes danos aos usuarios das praias nos días posteriores. Pola mesma razón, está totalmente prohibido usar envases de vidro nos areais.

• Non está permitido o desprazamento dos colectores de residuos situados na vía pública.

• En xeral, recórdase que, conforme a Lei de costas, calquera conduta que altere as debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade nas praias e lugares públicos de baño poderá ser sancionada cunha multa de ata 6.010,12 euros.

• Non se permitirá a instalación de barras para a venda de bebidas alcohólicas nos areais das praias nin do Paseo Marítimo. Só está autorizada a instalación dunha carpa, onde haberá unha verbenas: a da Comisión Promotora de las Hogueras de San Juan.

• Así mesmo, as empresas distribuidoras de bebidas ou calquera outro tipo de produtos non poderán entrar no Paseo Marítimo nin nos areais salvo unha autorización expresa previa.

• As persoas usuarias das praias deberán recoller os residuos que xeren e depositalos nos colectores do Paseo Marítimo máis próximos ou deixalos nunha bolsa atada na praia para a súa posterior recollida polo servizo municipal. Así, desta forma, tamén reciclamos ao darlles un novo uso ás bolsas de plástico que debemos levar da casa; facilitámoslles a tarefa aos operarios e permitimos así que as praias poidan ser utilizadas ao día seguinte.

• As praias desaloxaranse antes das 6:00 AM, hora na que comezará a traballar os servizos municipais de limpeza, co fin de poder recibir os primeiros bañistas en perfectas condicións de hixiene e salubridade. Por tanto, antes desa hora, as lumeiradas deberán estar perfectamente apagadas. Así mesmo, a partir desa hora, quedará impedido o acceso ás praias co fin de poder realizar convenientemente a súa limpeza. Procurarase, como en anos anteriores, que as praias de Riazor e de Oza poidan xa ser utilizadas a media mañá polos primeiros bañistas.

• Un servizo especial de vixilancia controlará o acceso ás praias do Orzán e Riazor co fin de facer cumprir estas normas e recomendacións e para que a xornada se desenvolva en perfectas e pacíficas condicións de convivencia festiva.

• Os areais do Orzán-Riazor contarán con **WC químicos** ao longo do Paseo Marítimo, nas entradas das praias.



## CONSELLOS DE SEGURIDADE

“080 Traballamos para que desfrutes da noite de San Xoán: se tes dúbidas sobre a seguridade da túa lumeirada, chama ao Servizo de Bombeiros. Marca o 080 e responderémosche.”

### RECOMENDACIÓNS XERAIS

- Non utilizar envases de vidro.
- Non usar os colectores para transporte.
- Prohibición de venda de bebidas alcohólicas e de montar “chiringuitos” ambulantes ou fixos.

### OUTROS CONSELLOS DE SEGURIDADE

#### 1. LUGARES PARA AS LUMEIRADAS

**NON** facer lumeiradas próximas a colectores, vivendas, cristaleiras, vehículos, tubaxes do gas, cables eléctricos, vexetación, \*valladas e elementos que poidan arder.

Os teléfonos dos servizos de urxencias son:

**Bomberos 080**

**Policia Local 092**

**Policia Nacional 091**

**SOS Galicia 112**

**Urxencias sanitarias 061**

Está terminantemente **PROHIBIDO** facer lume en terreos forestais.

#### 2. MATERIAL PARA AS LUMEIRADAS

Coidado co que se queima. Utiliza materiais que deixen brasas, especialmente madeira. Fai unha lumeirada pequena e, se sobra material, vai engadindo pouco a pouco pequenas cantidades.

**NON QUEIMAR** papeis nin tecidos, o vento pódolos elevar.

**NON USAR** bidóns, latas nin sprays por risco de explosión, nin tampouco pneumáticos nin plásticos, polos seus efectos contaminantes.

Aínda que sexa máis lento e menos espectacular, hai que acender a lumeirada por diferentes lugares. **NON USAR** nunca gasolina nin ningún líquido inflamable nin acelerante para acender as lumeiradas, poden causar **ACCIDENTES GRAVES**.

Se se fai unha lumeirada con leña, hai que cubrir o chan con area ou terra, cun grosor de 10 centímetros como mínimo, nunha superficie

superior dun metro do que se ocupe á base da brasa. Se vai aire, é mellor que deixes a festa para outro ano, non sexa que se convirta nunha traxedia.

#### 3. CONSELLOS PARA AS LUMEIRADAS

As ventás e os balcóns permanecerán **CERRADOS**, para que as charamuscas ou algún foguete perdido non entren en ningunha vivenda.

Cómpre recoller os tendais que poida haber nas terrazas.

Débese respectar a distancia de **15 METROS** aos coches aparcados.

Asegúrate de non pisar as brasas ao saltar a lumeirada.

Saltar lumeiradas non consiste en bater ningún récord: débense saltar só lumeiradas pequenas e con pouca lapa. **“DÁLLES EXEMPLO AOS MÁIS PEQUENOS”**.

Se prende lume na roupa, **NON CORRAS**, roda polo chan.

Se ves outra persoa na que prende lume, intenta tapala cunha manta ou con calquera prenda que non sexa de fibra.

O alcohol e o lume non combinan ben: **BEBE MENOS E DESFRUTA MÁIS**.

Se sofres algunha queimadura ou algún accidente, chama aos teléfonos de urxencia: **080, 092, 091, 112** ou **061**

Ten cerca sempre algún medio para apagar a lumeirada (caldeiros de auga, mangueras, extintores etc.).

Débese vixiar a lumeirada ata que quede totalmente apagada e mollar as brasas para evitar accidentes.

Non se poden baleirar as brasas e cinzas nos colectores ata que estean ben frías.

Se a lumeirada se fai na praia, débese recoller todo o que se use e depositalo nos colectores, xa que ao día seguinte haberá bañistas que a utilicen.



## 15 Sábado Xuño 2013

Xornadas de teatro, música e danza  
**HOMENAXE Á ZARZUELA ASOCIACIÓN LÍRICA EN CANTADOS** (Comisión Promotora de Hogueras de San Juan)

Lugar: sala de cultura do Sporting Club Casino da Coruña  
Horario: 19:30 h

**FESTIVAL MÓZART**  
**CONCERTO DA ORQUESTRA DE NENOS DA SINFÓNICA**

Lugar: Centro Sociocultural Ágora  
Horario: 12:00 h  
Directores: Jorge Montes e Enrique Iglesias



**CONCERTO DE ALEJANDRO SANZ** Xira “La música no se toca”

Lugar: Coliséum  
Horario: 22:30 h

## 16 Domingo Xuño 2013

**DÍA DO DEPORTE NA RÚA**

Lugar: Xardíns de Méndez Núñez  
Horario: 8:00 – 15:00 h

Xornadas de teatro, música e danza  
**CICLO DE MÚSICA NA RÚA BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE ABEGONDO** (Comisión Promotora de Hogueras de San Juan)

Lugar: praza de Santo André  
Horario: 12:30 h

**FESTA INFANTIL** (Comisión Promotora de Hogueras de San Juan)

Lugar: Xardíns de Méndez Núñez  
Horario: 17:30 h

**FESTIVAL MÓZART**  
**CONCERTO DO CORO FEMININO DA OSG**

Lugar: Igrexa da Orde Terceira  
Horario: 20:00 h  
Director: Joan Company  
Piano: Alicia González Permuy

Actividades infantís **TEATRO, MAXIA E INCHABLES**

Inchables, xogos de animación “xigantes”, xogos tradicionais e obradoiros creativos de chapas, malabares e tradicións de San Xoán

Lugar: parque de Santa Margarita  
Horario: 17:00 – 20:00 h

**ESPECTÁCULO DO CIRCO CHOSCO “VOANDO”**

Obra cómica con acrobacias, malabares con lume e números aéreos para todos os públicos

Lugar: parque de Santa Margarita  
Horario: 19:00 – 20:00 h

**SARDIÑADA POPULAR**

Lugar: parque de Santa Margarita  
Horario: 19:00 – 22:00 h



Verbena popular **ORQUESTRA GRAN PARADA**

Lugar: parque de Santa Margarita  
Horario: 20:00 – 23:00 h

## 17 Luns Xuño 2013

**ESPECTÁCULO INFANTIL**  
**TÍTERES E PASARRÚAS CON CABEZUDOS**

Lugar: Novo Mesoiro  
Horario: 18:30 – 20:30 h

Xornadas de teatro, música e danza  
**CICLO DE MÚSICA NA RÚA JAZZ BAND – ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA** (Comisión Promotora de Hogueras de San Juan)

Lugar: praza de Santo André  
Horario: 19:30 h



**FESTIVAL MÓZART**  
**CONCERTO DO CUARTETO QUIROGA**

Lugar: Teatro Rosalía de Castro  
Horario: 20:30 h

**PASARRÚAS E LECTURA PÚBLICA DE PANFLETO**  
**COAS TRADICIÓNS DO SAN XOÁN**

Pasarrúas con zancudos, cuspidores de lume e música  
Personaxe “narrador” que nos fará partícipes das tradicións de San Xoán

Lugar: ruta Os Mallos – Ángel Senra  
Horario: 19:00 – 20:15 h

## 18 Martes Xuño 2013

**ESPECTÁCULO INFANTIL**  
**TÍTERES E PASARRÚAS CON CABEZUDOS**

Lugar: San Diego  
Horario: 18:30 – 20:30 h

Xornadas de teatro, música e danza  
**CICLO DE MÚSICA NA RÚA BANDA DE MÚSICA DO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA** (Comisión Promotora de Hogueras de San Juan)

Lugar: praza de Santo André  
Horario: 20:00 h

**PASARRÚAS E LECTURA PÚBLICA DE PANFLETO**  
**COAS TRADICIÓNS DO SAN XOÁN**

Pasarrúas con zancudos, cuspidores de lume e música  
Personaxe “narrador” que nos fará partícipes das tradicións de San Xoán

Lugar: ruta da rúa Barcelona  
Horario: 19:00 – 20:15 h

**SARDIÑADA POPULAR**  
**ANIMACIÓN INFANTIL**

Lugar: porto da Coruña- peirao de trasatlánticos  
Horario: 19:00 – 22:00 h

## 19 Mércores Xuño 2013

**ESPECTÁCULO INFANTIL**  
**TÍTERES E PASARRÚAS CON CABEZUDOS**

Lugar: Campo de Marte  
Horario: 18:30 – 20:30 h

Xornadas de teatro, música e danza  
**CICLO DE MÚSICA NA RÚA HOMENAXE Á ZARZUELA BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DA CORUÑA** (Comisión Promotora de Hogueras de San Juan)

Lugar: praza de Santo André  
Horario: 20:00 h

**PASARRÚAS E LECTURA PÚBLICA DE PANFLETO**  
**COAS TRADICIÓNS DO SAN XOÁN**

Pasarrúas con zancudos, cuspidores de lume e música  
Personaxe “narrador” que nos fará partícipes das tradicións de San Xoán

Lugar: ruta da praza de Lugo  
Horario: 19:00 – 20:15 h

## 20 Xoves Xuño 2013

**ESPECTÁCULO INFANTIL**  
**TÍTERES E PASARRÚAS CON CABEZUDOS**

Lugar: Praza Elíptica  
Horario: 18:30 – 20:30 h

**FESTIVAL MÓZART**  
**CONCERTO DA REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**

Lugar: Teatro Rosalía de Castro  
Horario: 20:30 h

Director: Andreas Spering  
Soprano: Nuria Rial

**“GREASE” O MUSICAL**

Lugar: Pazo da Ópera  
Horario: 20:00 h

Xornadas de teatro, música e danza  
**CICLO DE MÚSICA NA RÚA UNIDADE DE MÚSICA DA FORZA LOXÍSTICA OPERATIVA** (Comisión Promotora de Hogueras de San Juan)

Lugar: praza de Santo André  
Horario: 20:00 h



**CONCERTO DA BANDA MUNICIPAL**

Lugar: Centro Sociocultural Ágora  
Horario: 20:00 h  
Director: José Rafael Pascual-Vilaplana

**PASARRÚAS E LECTURA PÚBLICA DE PANFLETO**  
**COAS TRADICIÓNS DE SAN XOÁN**

Pasarrúas con zancudos, cuspidores de lume e música  
Personaxe “narrador” que nos fará partícipes das tradicións de San Xoán

Lugar: ruta da zona Obelisco  
Horario: 19:00 – 20:15 h

## 21 Venres Xuño 2013

**ESPECTÁCULO INFANTIL**  
**TÍTERES E PASARRÚAS CON CABEZUDOS**

Lugar: parque de Oza  
Horario: 18:30 – 20:30 h

Actos de homenaxe á muller coruñesa: **EMILIA PARDO BAZÁN** (Comisión Promotora de Hogueras de San Juan)

Lugar: Xardíns de Méndez Núñez  
Horario: 18:45 h

**PASARRÚAS E LECTURA PÚBLICA DE PANFLETO**  
**COAS TRADICIÓNS DE SAN XOÁN**

Pasarrúas con zancudos, cuspidores de lume e música  
Personaxe “narrador” que nos fará partícipes das tradicións de San Xoán

Lugar: ruta da zona peonil da Gaiteira  
Horario: 19:00 – 20:15 h

Actos de homenaxe á muller coruñesa: **MARÍA PITA** (Comisión Promotora de Hogueras de San Juan)

Lugar: praza de María Pita  
Horario: 20:00 h



**“GREASE” O MUSICAL**

Lugar: Pazo da Ópera  
Horario: 18:00 h (1ª función) e 21:30 h (2ª función)

**VIVA VERDI**

Lugar: Teatro Colón  
Horario: 20:30 h

**NOITE BRANCA DO COMERCIO (A CORUÑA)**

Lugar: A Coruña (zonas comerciais)  
Horario: 20:00 – 00:00 h



**CONCERTO DE HOMBRÉS G**

Lugar: praza de María Pita  
Horario: 22:00 h

**BIPOLAR FEST** Proxecto de fusión musical

Bipolar son: Jacobo Paz & Dos Mundos / Seissenseis / César Decenti / Ámbito Kinitoh / Yul / Forni / Arte en Tinta / Al Vila / 11007 / Kabo Norte Squad / O Neno da Rúa / Jessi / Durgin / Dejota Trape / Pablo Añón / Revolujoin / 3 Ases

Lugar: parque de Santa Margarita  
Horario: 20:00 – 2:00 h

## 22 Sábado Xuño 2013

**ESPECTÁCULO INFANTIL**  
**TÍTERES E PASARRÚAS CON CABEZUDOS**

Lugar: praza dos Mariñeiros  
Horario: 12:00 – 14:00 h

**XOGOS O LABIRINTO MÁXICO**

Lugar: Xardíns de Méndez Núñez  
Horario: 12:00 – 14:00 h

Obradoiros infantís **A LENDA DOS ELEMENTOS**

Lugar: Xardíns de Méndez Núñez  
Horario: 17:00 – 19:00 h

Xornadas de teatro, música e danza  
**CICLO DE MÚSICA NA RÚA BANDA DE MÚSICA DE OLEIROS** (Comisión Promotora de Hogueras de San Juan)

Lugar: praza de Santo André  
Horario: 19:00 h

**“GREASE” O MUSICAL**

Lugar: Pazo da Ópera  
Horario: 18:00 h (1ª función) e 21:30 h (2ª función)

**ESPECTÁCULO INFANTIL**  
**TÍTERES E PASARRÚAS CON CABEZUDOS**

Lugar: Obelisco  
Horario: 18:30 – 20:30 h

**CONCERTO DE LINHO DO CUÇO**

Lugar: Obelisco  
Horario: 21:00 – 22:00 h



**PASARRÚAS E LECTURA PÚBLICA DE PANFLETO**  
**COAS TRADICIÓNS DE SAN XOÁN**

Pasarrúas con zancudos, cuspidores de lume e música

Personaxe “narrador” que nos fará partícipes das tradicións de San Xoán

Lugar: ruta da praza de Vigo  
Horario: 19:00 – 20:00 h

Xornadas de teatro, música e danza

**AQUELARRE ROCK** (Comisión Promotora de Hogueras de San Juan)

Lugar: Xardíns de Méndez Núñez  
Horario: 22:30 h



**BIPOLAR FEST** Proxecto de fusión musical

Bipolar son: Jacobo Paz & Dos Mundos / Seissenseis / César Decenti / Ámbito Kinitoh / Yul / Forni / Arte en Tinta / Al Vila / 11007 / Kabo Norte Squad / O Neno da Rúa / Jessi / Durgin / Dejota Trape / Pablo Añón / Revolujoin / 3 Ases

Lugar: parque de Santa Margarita  
Horario: 20:00 – 2:00 h

## 23 Domingo Xuño 2013

**ESPECTÁCULO INFANTIL**  
**TÍTERES E PASARRÚAS CON CABEZUDOS**

Lugar: parque de Vioño  
Horario: 12:00 – 14:00 h

**PASARRÚAS E LECTURA PÚBLICA DE PANFLETO**  
**COAS TRADICIÓNS DE SAN XOÁN**

Pasarrúas con zancudos, cuspidores de lume e música  
Personaxe “narrador” que nos fará partícipes das tradicións de San Xoán

Lugar: ruta de Riazor  
Horario: 12:30 – 13:45 h





# AXENDA SANJUANEROS 2013

1 xuño 2013 / 30 xuño 2013

Xornadas de teatro, música e danza  
**CICLO DE MÚSICA NA RÚA CONCERTO DE BANDA DE MÚSICA** (Comisión Promotora de Hogueras de San Juan)

Lugar: praza de Santo André  
Horario: 12:45 h

## “GREASE” O MUSICAL

Lugar: Pazo da Ópera  
Horario: 17:00 h (1ª función) e 20:30 h (2ª función)

**PASARRÚAS** (Comisión Promotora de Hogueras de San Juan)

Lugar: Paseo Marítimo  
Horario: 18:00 h

**FESTIVAL MUSICAL** (Comisión Promotora de Hogueras de San Juan)

Lugar: Paseo Marítimo  
Horario: 19:00 h



## VERBENA CON CINEMA ORQUESTA

Lugar: Paseo Marítimo  
Horario: 21:30 – 23:00 h

**REPARTIMENTO E SOLTA DE GLOBOS TAILANDESES SESIÓN DE DJ** (Cuatro Caminos Centro Comercial)

Lugar: praia do Matadoiro  
Horario: 23:00 – 1:00 h

**DESFILE DE CARROZAS DE SAN XOÁN PASARRÚAS DOS MANICÓMICOS**

Lugar: Paseo Marítimo  
Horario: 23:00 – 23:45 h

## ESPECTÁCULO PIROTÉCNICO

Lugar: praia de Riazor  
Horario: 23:45 h

## QUEIMA DA FALLA

Lugar: Paseo Marítimo - praia de Riazor  
Horario: 00:00 h

## VERBENA

Lugar: Paseo Marítimo  
Horario: 00:00 – 4:45 h

## ORQUESTRA PANORAMA

Lugar: Paseo Marítimo  
Horario: 00:00 – 2:00 h



## CINEMA ORQUESTA

Lugar: Paseo Marítimo  
Horario: 2:00 – 3:30 h

## ORQUESTRA PANORAMA

Lugar: Paseo Marítimo  
Horario: 3:30 – 4:45 h

## 24 Luns Xuño 2013

**ACTIVIDADES INFANTÍS** na praza de María Pita

Lugar: praza de María Pita  
Horario: 12:00 – 14:00 h / 16:00 – 20:00 h

## ACTUACIÓNS

**CONCERTO: MAMÁ CABRA**

Horario: 12:00 h

## MÚSICA E BAILE: VELOCÍCLOPES

Horario: 13:00 h

## CONCERTO: TIC TAC DE PABLO DÍAZ

Horario: 16:00 h

## CONCERTO: A NENA E O GRILO

Horario: 17:00 h

## MÚSICA E TEATRO: OS BOLECHAS

Horario: 17:00 a 18:00 h

## ESPECTÁCULO DE CIRCO

Horario: 18:00 h

## MÚSICA E TEATRO: OS BOLECHAS

Horario: 18:00 a 19:00 h

## PERCUSIÓN INFANTIL: ODAIKO

Horario: 19:00 h



## FIN DE FESTA

Horario: 20:00 h

## PROGRAMACIÓN PARALELA

**OBRADOIRO DE PERCUSIÓN CON ODAIKO**

**OBRADOIROS VARIOS CONSTRUCCIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS, XOQUETES E MONICREQUES**

**A CASA DOS XOGOS**

**ESPECTÁCULO DE RÚA COS VELOCÍCLOPES DE FANTOCHES BAI**

**PEPABLO PATINHO E MONTSE PIÑÓN** (ACTORES DE TEATRO GHAZAFELHOS) **COMO PRESENTADORES DE TODO O FESTIVAL**

# PROGRAMACIÓN DA CIDADE 2013

1 xuño 2013 / 30 xuño 2013

## Exposicións

### MURAIS

Do 30 de outubro ao 16 de xuño  
Lugar: Fundación Luís Seoane  
Horario: de martes a sábado, de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 h. Domingos de 11:00 a 14:00 h. Luns cerrado

A obra mural de Luís Seoane constitúe unha parte esencial da súa produción. Esta obra mural de Seoane mostra a beleza das pezas realizadas do artista en edificios públicos e particulares ao longo de aproximadamente dúas décadas e o papel fundamental que a práctica do muralismo supuxo na evolución posterior da súa pintura.

### SEOANES POSIBLES (AFTER TERESA DE VILLAR)

Do 20 de marzo ao 16 de xuño  
Lugar: Fundación Luís Seoane  
Horario: de martes a sábado de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 h. Domingos de 11:00 a 14:00 h. Luns cerrado

É un proxecto de Enrique Lista comisariado por Ánxela Caramés no que os criterios para a organización de obxectos domésticos empregados por Teresa Villar, avoa de Enrique Lista, foron trasladados ás obras custodiadas na Fundación Luís Seoane.

### COLECCIÓN AENA DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Inauguración o 24 de xuño  
Lugar: Fundación Luís Seoane  
Horario: de martes a sábado de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 h. Domingos de 11:00 a 14:00 h. Luns cerrado

### LUÍS SEOANE NAS COLECCIÓNIS PRIVADAS

Inauguración o 24 de xuño  
Lugar: Fundación Luís Seoane  
Horario: de martes a sábado de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 h. Domingos de 11:00 a 14:00 h. Luns cerrado

### FRANCISCO LLORENS

Do 10 de novembro ao 30 de xuño  
Lugar: Fundación Barrié  
Horario: de 12:00 a 14:00 h e de 18:00 a 21:00 h

Exposición antolóxica de Francisco Llorens (1874-1948)

### MIGUEL ÁNGEL CAMPANO

Do 30 de maio ao 28 de xullo  
Lugar: Pazo de Exposicións Quiosco Afonso e sala de exposicións do Paléxco  
Horario: de 12:00 a 14:00 h e de 18:00 a 21:00 h

### SERLIER

Do 7 de xuño ao 28 de xullo  
Lugar: Casa da Cultura “Salvador de Madariaga”  
Horario: de 9:00 a 21:00 h

### MARÍA DEL PILAR DÍAZ MONTERROSO

Do 28 de maio ao 28 de xullo  
Lugar: sala de exposicións do Pazo Municipal  
Horario: de 12:00 h a 14:00 h e de 18:00 h a 21:00 h



### PETER KRAUSKOPF. ELBE

Do 25 de maio ao 26 de xullo  
Lugar: Galería Vilaseco Hauser  
Horario: de luns a venres, de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 h. Sábado con previa cita

## Casas Museo

**CASA CASARES QUIROGA. Xuño**  
**EXPOSICIÓN DE PINTURA DE RAMÓN ASTRAY**

Horario: de martes a sábado de 10:30 a 14:00 e de 17:30 a 20:00 h. Domingos e festivos de 10:30 a 14:00 h

**CASA MARÍA PITA. Xuño – xullo**  
**EXPOSICIÓN DE FOTOGRAFÍA DE JAVIER CALVETE**

Horario: de martes a sábado de 10:30 a 14:00 e de 17:30 a 20:00 h. Domingos e festivos de 10:30 a 14:00 h

### CASA PICASSO

Horario: de mércores a sábado de 10:30 a 14:00 e de 17:30 a 20:00 h. Domingos e festivos de 10:30 a 14:00 h

## Visitas guiadas



**RESERVAS:** nos puntos de información turística (praza de María Pita e Torre de Hércules)  
**T.: 981 923 093**

### PAZO MUNICIPAL

13 e 20 de xuño  
Horario: 17:00 h

### CIDADE VELLA

14 e 21 de xuño  
Horario: 21:30 h

### TORRE DE HÉRCULES

15 e 22 de xuño  
Horario: 12:00 h

### CEMITERIO DE SANTO AMARO

15 e 22 de xuño  
Horario: 18:00 h (15 de xuño) e 21:30 h (22 de xuño)

### PICASSO

16 e 23 de xuño  
Horario: 11:30 h

### CATUXA

24 de xuño  
Horario: 12:00 h

## Música / Concertos

### 6 de xuño

#### CONCERTO DA BANDA MUNICIPAL

Lugar: Centro Sociocultural Ágora  
Horario: 20:00 h  
Compositor: Antón Alcalde, director: J.L. Represas

### 13 de xuño

#### CONCERTO DA BANDA MUNICIPAL

Lugar: Centro Sociocultural Ágora  
Horario: 20:00 h  
Coral Polifónica El Eco, director: Pedro M. Tapia.



## 15 de xuño

**ALEJANDRO SANZ XIRA “LA MÚSICA NO SE TOCA”**

Lugar: Coliséum  
Horario: 22:30 h

Alejandro Sanz está de volta para ofrecer o seu mellor directo coa XIRA “LA MÚSICA NO SE TOCA”. Da man das últimas tecnoloxías, o artista regresa cun espectáculo completamente sorprendente. Un escenario vivo, tridimensional, que interactúa coa música e o público ao servizo do espectáculo.

## 20 de xuño

#### CONCERTO DA BANDA MUNICIPAL

Lugar: Centro Sociocultural Ágora  
Horario: 20:00 h  
Director: José Rafael Pascual-Vilaplana



## 21 de xuño

#### HOMBRES G

Lugar: praza de María Pita  
Horario: 22:00 h

## 21 e 22 de xuño

#### BIPOLAR FEST. PROXECTO DE FUSIÓN MUSICAL

Bipolar son: Jacobo Paz & Dos Mundos / Seissenseis / César Decenti / Ámbito Kinitoh / Yul / Forni / Arte en Tinta / Al Vila / 11007 / Kabo Norte Squad / O Neno da Rúa / Jessi / Durgin / Dejota Trape / Pablo Añón / Revolujoin / 3 Ases  
Lugar: parque de Santa Margarita  
Horario: 20:00 – 2:00 h

## 21 de xuño

**VIVA VERDI**  
Lugar: Teatro Colón  
Horario: 20:30 h

## 27 de xuño

**CONCERTO DA BANDA MUNICIPAL**  
Lugar: Centro Sociocultural Ágora  
Horario: 20:00 h  
Director: Bram Snickers

## 28 de xuño

**CICLO DE CANTAUTORES. AMANCIO PRADA PRESENTA A ROSALÍA DE FEDERICO**  
Lugar: Teatro Colón  
Horario: 20:30 h

## Festival Mózart



## 6 de xuño

**GIACOMO PUCCINI. LA FANCIULLA DEL WEST**  
Lugar: Pazo da Ópera  
Horario: 20:00 h  
Concerto: Orquestra Sinfónica de Galicia  
Director: Lorin Maazel  
Coro da OSG  
Director: Joan Company

## 8 de xuño

**GIACOMO PUCCINI. LA FANCIULLA DEL WEST**  
Lugar: Pazo da Ópera  
Horario: 20:00 h  
Concerto: Orquestra Sinfónica de Galicia  
Director: Lorin Maazel  
Coro da OSG  
Director: Joan Company

## 10 de xuño

**ANA MARÍA VALDERRAMA (VIOLÍN) E LUIS DEL VALLE (PIANO)**  
Lugar: Teatro Rosalía de Castro  
Horario: 20:30 h



## 12 de xuño

**“UN’ALMA INAMORATA” DE GEORG FRIEDRICH HAENDEL**  
Lugar: Teatro Rosalía de Castro  
Horario: 20:30 h  
Al Ayre Español  
Clave e director: Eduardo López Banzo  
Soprano: María Espada

## 15 de xuño

**CONCERTO: ORQUESTRA DE NENOS DA OSG**  
Lugar: Centro Sociocultural Ágora  
Horario: 12:00 h  
Directores: Jorge Montes e Enrique Iglesias

## 16 de xuño

**CONCERTO: CORO FEMININO DA OSG**  
Lugar: Igrexa da Orde Terceira  
Horario: 20:00 h  
Director: Joan Company  
Piano: Alicia González Permyu

## 17 de xuño

**CUARTETO QUIROGA**  
Lugar: Teatro Rosalía de Castro  
Horario: 20:30 h

## 20 de xuño

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**  
Lugar: Teatro Rosalía de Castro  
Horario: 20:30 h  
Director: Andreas Spering  
Soprano: Nuria Rial

## 26 de xuño

**ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA**  
Lugar: Pazo da Ópera  
Horario: 20:30 h  
Director: Víctor Pablo Pérez  
Soprano: Violeta Urmana

## Espectáculos



## 1 de xuño

**CICLO PRINCIPAL: EL MANUAL DE LA BUENA ESPOSA**  
Lugar: Teatro Rosalía de Castro  
Horario: 20:30 h

Comedia que fala, fundamentalmente, sobre a muller española e os tempos que lle tocou vivir desde 1934 ata 1977.

## 2 de xuño

**VILLA PRIMAVERA**  
Lugar: Teatro Colón  
Horario: 19:00 h

Sobre un escenario, entre focos e bambolinas, en Torre del Lago (Italia), a cantante de ópera deambula entre o seu pasado, o seu presente e o seu futuro inmediato. María Luisa Merlo encarna a esta gran diva na véspera do seu último concerto.

## 7 de xuño

**LÁGRIMAS DE SANGRE** (Grupo de Teatro Ágora, coa colaboración da Casa de Andalucía)  
Lugar: Centro Sociocultural Ágora  
Dirixida por Víctor Díaz Barús, baseada en textos de García Lorca  
Horario: 20:30 h

## 14 xuño

**OS CANTARES DAS MUSAS:** Sarabela Teatro  
A prosa e a poesía de Rosalía de Castro  
Espectáculo baseado no prólogo de O cabaleiro das botas azuis e en Cantares gallegos  
Lugar: Teatro Rosalía de Castro  
Horario: 20:30 h

## 14 de xuño

**A TIXOLA POLO MANGO. TEATRO DO NOROESTE**  
Lugar: Fórum Metropolitano  
Horario: 20:30 h

## Do 20 ao 23 de xuño

### “GREASE”. O MUSICAL

Lugar: Pazo da Ópera  
Horarios:  
Xoves 20 de xuño, 20:00 h  
Venres 21 de xuño, 18:00 e 21:30 h  
Sábado 22 de xuño, 18:00 e 21:30 h  
Domingo 23 de xuño, 17:00 e 20:30 h

GREASE é un musical de 1971 creado por Jim Jacobs e Warren Casey. O musical recibe o seu nome da subcultura da xuventude obreira dos anos 50, cuxos membros eran coñecidos como os “greasers”.

## 28 e 29 de xuño

### ILUSIÓN DE MANICÓMICOS

Lugar: Centro Sociocultural Ágora  
Horario: 21:00 h

## Outras ofertas

## 3 de xuño

**POETAS DI(N)VERSOS:** Branca Novoneyra e Márcio André  
Lugar: Centro Sociocultural Ágora  
Horario: 20:30 h

## 4 de xuño

**CAZADORES DE CORRUPCIÓN. LA RED** (o documental do mes)  
Lugar: Centro Sociocultural Ágora  
Horario: 20:00 h

## 6, 7 e 8 de xuño

**XIX ENCONTRO DE CORAIS DA GAITEIRA**  
Lugar: Fórum Metropolitano  
Horario: 20:30 h

## 29 de xuño

**CANTICORUM, CANTATORRE**  
Lugar: Fórum Metropolitano  
Horario: 20:00 h

## 30 de xuño

**XXXIV CONCURSO DE BAILE TRADICIONAL**  
Xacarandaina  
Lugar: Centro Sociocultural Ágora  
Horario: 9:00 – 14:00 h e 16:00 – 20:00 h



# 

Coruña,  
naturalmente

Medio Ambiente

# SAN XOÁN SOSTIBLE

“Somos pioneiros repartindo madeira limpa para unha queima sostible.”

Este ano, imos conseguir un San Xoán sostible sendo máis respectuosos coa nosa contorna. Por primeira vez, ponse en marcha a experiencia piloto da repartición masiva dunha madeira especial para conseguir unha queima máis ecolóxica.

Ademais, desde Medio Ambiente préparase un dispositivo para que todos

poidamos gozar da praia o día 24, animando a recoller e depositar o lixo da festa das cacharelas nuns colectores habilitados para iso.

Así que a noite máis marabillosa do mundo vaise converter, ademais, na noite máis limpa do mundo.





24 de xuño  
Praza de María Pita  
12:00 h

# SAN XOÁN PEQUENIÑO

“Aos máis pequenos espéraos un día enteiro de diversión na praza de María Pita, un espazo reservado só para eles.”

Monicreques, cabezudos, teatro, maxia, circo, inchables, xogos... Os nenos/as están de sorte porque durante todo o mes de xuño os barrios énchense de actividades pensadas especialmente para eles/as.

Sen dúbida, van vivir os momentos máis divertidos no San Xoán Pequeniño, a xornada do 24 de xuño en María Pita. Ese día están programados os concertos do grupo infantil

“Mamá Cabra”, “Tic Tac” (Pablo Díaz) e “A nena e o grilo”. Tamén poderán bailar con “Velocíclopes”, “Os Bolechas” e ao son dos ritmos de “Odaiko”.

Mentres tanto, para que non se poida oír nin un só “abúrrome”, obradoiros de construción de instrumentos musicais, xogueteiros, monicreques, unha casa dos xogos e moito máis!



## CORUÑA ESPÍRITO DE LUME

A noite máis marabillosa do mundo ten unha web á súa altura **corunaespiritodefuego.com**.

Bótalle unha ollada para consultar toda a programación, comparte os vídeos para que todos saiban a que montamos aquí, enlaza o sitio no teu blog, nas **redes sociais**...

**E que non se che esqueza facer o teu propio sanjuanero!**



## FAI O TEU PROPIO SANJUANERO

“Coñece os Sanjuaneros, uns simpáticos personaxes protagonistas da festa de San Xoán. Entra en **corunaespiritodefuego.com** e vota o teu favorito.

Demostra que estás feito todo un **sanjuanero** e crea o teu propio avatar para usalo de perfil en **Twitter, Facebook** ou **Tuenti**. Céntalle a túa noite de San Xoán ao mundo enteiro!”



Sanjuanero  
Don Manuel



Sanjuanera  
orzana



Sanjuanera  
churrasqueira




Sanjuanero  
parrochas



Sanjuanera  
aimimén!



Sanjuanero  
apagalume



Sanjuanero  
piscinas



Sanjuanera  
Carmiña



Sanjuanero  
percebeiro



Sanjuanero  
forza Dépor

